

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 27  
DE DECEMBRO DE 2013. NÚM. 12 /2013.-**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE ACCIDENTAL:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)

**CONCELLEIROS:**

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)  
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.)  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)  
D<sup>a</sup>. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)  
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)  
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup>. BEATRIZ IGLESIAS GARCÍA (PSdeG-PSOE)  
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)  
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)  
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTORA XERAL:** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**AUSENTES:**

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)  
D. FRANCISO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)

## **INDICE:**

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.- Decretos da Alcaldía: dación de conta.....	páx. 3
3.- Expediente dos Orzamentos Xerais 2014: Resolución de recurso e aprobación definitiva.....	páx. 5
4.- Derrogación da Ordenanza reguladora da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do Dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil.....	páx. 11
5.- Declaración do Concello de Lalín como localidade solidaria co Alzheimer.....	páx. 14
6.- Mocións do PSdeG-PSOE .....	páx. 16
6.1.- Moción do PSdeG-PSOE para cambiar o sentido da circulación en varias rúas do casco urbano de Lalín.....	páx. 16
6.2.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando a comparecencia do concelleiro delegado de deportes en relación ao proceso de selección do xerente do Lalín Arena.....	páx. 18
7.- Mocións do BNG.....	páx. 19
7.1.- Moción do BNG en relación á Autoestrada AP-53.....	páx. 19
7.2.- Moción do BNG para garantir o subministro eléctrico ás persoas sen recursos.....	páx. 21
7.3.- Moción do BNG contra a suba do canon de SOGAMA.....	páx. 22
8.- Mocións do PGD .....	páx. 25
9.- Rogos e preguntas.....	páx. 25

=====

Sendo as dezaseis horas do día **27 de decembro de 2013**, venres, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Alcalde-Accidental, *D. Román Rodríguez González*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo.

Non asisten á sesión o Sr. Alcalde D. José Crespo Iglesias (P.P.) e D. Francisco Pérez Donsión (PSdeG-PSOE).

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión ordinaria do día 2 de decembro de 2013. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

**D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que na páxina 31 do dito borrador, a referencia ao porco "*landrán*", debía corrixirse e poñer: porco "*landrace*". Tamén o Sr. Secretario sinalou que non tiña claro se a palabra recentemente creada de porco "*lalaíno*", levaba ou non acento.

Coa primeira corrección aceptada e non habendo outras indicacións, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 2 de decembro de 2013, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

### **2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

***O Concello Pleno quedou enterado.***

### **3.- EXPEDIENTE DOS ORZAMENTOS XERAIS 2014: RESOLUCIÓN DE RECURSO E APROBACIÓN DEFINITIVA.-**

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Sr. Alcalde de data 19 de decembro de 2013. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 23 de decembro de 2013.

Na exposición da proposta, o edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez**, explicou que había unha alegación ao expediente dos orzamentos presentada pola CIG mediante

escrito de data 18 de decembro de 2013, a cal carecía de motivación. Procedía polo tanto o seu rexeitamento e a aprobación definitiva dos mesmos.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** indicou que o seu grupo votou en contra do expediente dos orzamentos municipais para 2014, porque estaban en desacordo coas liñas xerais do mesmo. Non estaban explicados os cambios e os recortes que houbo nas prazas de persoal, sobre todo na Policía Local, servizo no que se estaba por baixo dos ratios correspondentes. Por elo apoiarían a reclamación.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que o seu grupo estaba en contra dos orzamentos e a favor da reclamación presentada pola CIG. Apoiaríana.

Tamén **D. Camilo Conde López** adiantou o seu voto favorable á alegación e contra o orzamento municipal.

Sometida a votación ordinaria o recurso ou alegación presentada mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: seis (6), sendo tres (3) votos dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.*

*Votos en contra: trece (13), dos concelleiros do PP.*

*Abstencións: ningunha.*

*Xa que logo rexeitouse o recurso ou alegación.*

Sometida a votación ordinaria o expediente coa proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: trece (13), dos concelleiros do PP.*

*Votos en contra: seis (6), sendo tres (3) votos dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo, **APROBOUSE a proposta do seguinte tenor:**

O Pleno da Corporación municipal do Concello de Lalín, en sesión celebrada o día 2 de decembro de 2013, aprobou inicialmente o Presuposto Xeral municipal para o exercicio económico de 2014, así coma o cadro de persoal funcionario, a relación de postos de traballo e o cadro de persoal laboral do concello para o citado exercicio.

Conforme ao disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, someteuse o expediente ao trámite de exposición pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia publicado o día 4 de decembro de 2013, por quince días hábiles.

Durante o trámite de exposición pública formulouse pola Confederación Intersindical Galega, CIG-Administración Pública de Pontevedra, escrito de reclamación contra a aprobación inicial polo Pleno do Concello do Presuposto Xeral do Concello de Lalín para o exercicio 2014, do cadro de persoal funcionario, da relación de postos de traballo e cadro de persoal laboral do concello para o citado exercicio, mediante escrito con rexistro de entrada nº 7777 de data 18 de decembro de 2013.

Sobre a reclamación formulada emitiuse informe pola Intervención municipal, de data 19 de decembro de 2013, que consta no expediente, co seguinte contido:

“Vista a reclamación formulada contra o acordo de aprobación inicial do Presuposto Xeral do Concello de Lalín para o exercicio 2014, así como do cadro de persoal funcionario e da relación de postos de traballo de persoal laboral para o citado exercicio, mediante escrito asinado por D<sup>a</sup>. Bernardina Porral Mosquera, actuando en representación da Confederación Intersindical Galega, CIG-Administración Pública de Pontevedra, con Rexistro de Entrada nº 7777 de data 18 de decembro de 2013.

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 7 / 85, de 2 de abril , Reguladora das Bases do Réxime Local.
- RD Lexislativo 2/2004 , de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 3 de decembro de 2008, pola que se aproba a estrutura dos Presupostos das Entidades Locais.
- Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.
- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

#### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

O Pleno da Corporación municipal do Concello de Lalín, en sesión celebrada o día 2 de decembro de 2013, aprobou inicialmente o Presuposto Xeral municipal para o exercicio económico de 2014, así coma o cadro de persoal funcionario, a relación de postos de traballo e o cadro de persoal laboral do concello para o citado exercicio.

Conforme ao disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, someteuse o expediente ao trámite de exposición pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia publicado o día 4 de decembro de 2012, por quince días hábiles.

Durante o trámite de exposición pública formulouse pola Confederación Intersindical Galega, CIG-Administración Pública de Pontevedra escrito de reclamación contra a aprobación inicial polo Pleno do Concello do Presuposto Xeral do Concello de Lalín para o exercicio 2014, do cadro de persoal funcionario, da relación de postos de traballo e cadro de persoal laboral do concello para o citado exercicio.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

A reclamación formulada por parte da Confederación Intersindical Galega, CIG-Administración Pública de Pontevedra fundaméntase nun único motivo de impugnación consistente na falta de negociación das materias de persoal que se conteñen no presuposto ao non terse convocado ó sindicato reclamante á Mesa de Negociación con carácter previo á aprobación inicial do Presuposto polo Pleno da Corporación.

Sobre esta cuestión, o **artigo 170 do RD Lexislativo 2/2004 , de 5 de marzo, polo que se**

**aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais**, dispón en relación ó período de exposición pública ao que debe someterse o expediente do Presuposto xeral, unha vez aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, aos efectos de presentación de reclamacións polos interesados:

**“Artículo 170 Reclamación administrativa: legitimación activa y causas.**

**1.** *A los efectos de lo dispuesto en el apartado 1 del artículo anterior, tendrán la consideración de interesados:*

- **a)** *Los habitantes en el territorio de la respectiva entidad local.*
- **b)** *Los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.*
- **c)** *Los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por intereses profesionales o económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.*

**2.** *Únicamente podrán entablarse reclamaciones contra el presupuesto:*

1. **a)** *Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.*
2. **b)** *Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.*
3. **c)** *Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto”*

Á vista do disposto na citado precepto legal, a primeira cuestión que se suscita é a relativa á lexitimación activa do sindicato recorrente, xa que a Confederación Intersindical Galega non ten representación dentro dos órganos de representación dos traballadores do Concello de Lalín. Sobre esta cuestión, o Estatuto Básico do Empregado Publico dispón o seguinte:

**Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público.**

**“Artículo 34 Mesas de Negociación.**

**1.** *A los efectos de la negociación colectiva de los funcionarios públicos, se constituirá una Mesa General de Negociación en el ámbito de la Administración General del Estado, así como en cada una de las Comunidades Autónomas, Ciudades de Ceuta y Melilla y Entidades Locales.*

....

**3.** *Son competencias propias de las Mesas Generales la negociación de las materias relacionadas con condiciones de trabajo comunes a los funcionarios de su ámbito”.*

En materia de lexitimación dos sindicatos, segundo o exposto nos fundamentos xurídicos da **Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 24 de xaneiro de 2007**, o **Tribunal Constitucional** ven a fixar catro premisas que se desprenden das súas sentencias 7/2001, do 15 de xaneiro, 24/2001, do 29 de xaneiro e 84/2001, do 26 de marzo, que se concretan nas seguintes: **1)** a noción de interese lexítimo do artigo 24.1 da Constitución, hoxe recollida no artigo 19.1.b da nova Lei da Xurisdición Contencioso administrativo de 13 de xullo de 1998, entendida segundo a teoría xeral, como vantaxe ou utilidade que obtería o recorrente no caso de prosperar a pretensión exercitada; **2)** que os sindicatos, tanto por recoñecemento expreso da Constitución como por obra dos Tratados Internacionais subscritos con España, teñen atribuída unha función xenérica de representación e defensa, non só dos intereses dos seus afiliados, senón dos intereses colectivos dos traballadores en xeral; **3)** que, nembargantes, respecto da lexitimación procesual esa capacidade abstracta dos sindicatos debe concretarse, en cada caso,

mediante un vínculo ou conexión entre a organización que acciona e a pretensión exercitada, xa que a función constitucionalmente atribuída ós sindicatos non os converte en gardiáns da legalidade; e 4) na orde contencioso-administrativa, ese vínculo, entendido como aptitude para ser parte nun proceso concreto ou “*legimatio ad causam*”, localízase na noción de interese profesional ou económico.

No mesmo sentido, as máis recentes sentencias 89/2003, do 19 de maio e 142/2004, do 13 de setembro, razoan que dende a STC 101/1996 se ven esixindo que a xenérica lexitimación abstracta ou xeral dos sindicatos teña unha proxección particular sobre o obxecto dos recursos que entablen ante os tribunais mediante un vínculo ou conexión entre a organización que acciona e a pretensión exercitada.

Sobre esta cuestión, segundo o exposto nos Fundamentos Xurídicos da **STSXG do 24 de xaneiro de 2007**, a conclusión á que se chegou foi que a lexitimación procesual do sindicato na orde xurisdiccional contencioso-administrativa se debe localizar na noción de interese profesional ou económico; interese que debe entenderse referido en todo caso a un interese propio, cualificado ou específico e que doutrinal e xurisprudencialmente ven identificado na obtención dun beneficio ou a desaparición dun prexuízo no suposto de que prospere a acción intentada e que non necesariamente ten que revestir un contido patrimonial.

Enlazando a doutrina exposta coa reclamación formulada pola CIG contra a aprobación inicial do Presuposto Xeral do Concello de Lalín para o exercicio económico de 2014, así coma o cadro de persoal funcionario, a relación de postos de traballo e o cadro de persoal laboral do concello para o citado exercicio, a citada reclamación fundaméntase, como motivo de impugnación, na infracción do principio de obrigatoriedade da negociación que impón o Artigo 37 do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto das materias de persoal que se recollen no presuposto e relación de postos de traballo.

O citado artigo do **Estatuto Básico do Empregado Público dispón o seguinte:**

**“Artículo 37 Materias objeto de negociación.**

**1. Serán objeto de negociación, en su ámbito respectivo y en relación con las competencias de cada Administración Pública y con el alcance que legalmente proceda en cada caso, las materias siguientes:**

- **a) La aplicación del incremento de las retribuciones del personal al servicio de las Administraciones Públicas que se establezca en la Ley de Presupuestos Generales del Estado y de las Comunidades Autónomas.**
- **b) La determinación y aplicación de las retribuciones complementarias de los funcionarios.**
- **c) Las normas que fijen los criterios generales en materia de acceso, carrera, provisión, sistemas de clasificación de puestos de trabajo, y planes e instrumentos de planificación de recursos humanos.**
- **d) Las normas que fijen los criterios y mecanismos generales en materia de evaluación del desempeño.**
- **e) Los planes de Previsión Social Complementaria.**
- **f) Los criterios generales de los planes y fondos para la formación y la promoción interna.**
- **g) Los criterios generales para la determinación de prestaciones sociales y pensiones de clases pasivas.**
- **h) Las propuestas sobre derechos sindicales y de participación.**
- **i) Los criterios generales de acción social.**
- **j) Las que así se establezcan en la normativa de prevención de riesgos laborales.**
- **k) Las que afecten a las condiciones de trabajo y a las retribuciones de los funcionarios,**

*cuya regulación exija norma con rango de Ley.*

- *l) Los criterios generales sobre ofertas de empleo público.*
- *m) Las referidas a calendario laboral, horarios, jornadas, vacaciones, permisos, movilidad funcional y geográfica, así como los criterios generales sobre la planificación estratégica de los recursos humanos, en aquellos aspectos que afecten a condiciones de trabajo de los empleados públicos.*

**2. Quedan excluidas de la obligatoriedad de la negociación, las materias siguientes:**

- **a) Las decisiones de las Administraciones Públicas que afecten a sus potestades de organización.**

*Quando las consecuencias de las decisiones de las Administraciones Públicas que afecten a sus potestades de organización tengan repercusión sobre condiciones de trabajo de los funcionarios públicos contempladas en el apartado anterior, procederá la negociación de dichas condiciones con las Organizaciones Sindicales a que se refiere este Estatuto.....”*

Tal e como declaran as **Sentencias do TSXG de 24 de xaneiro de 2007, de 12 de decembro de 2007 e de 16 de xaneiro de 2008**, no ámbito funcional só será necesaria a negociación colectiva e a participación que no recurso se esixe para a aprobación do presuposto municipal cando con él se afecte a algunha das materias comprendidas no artigo 32 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de Representación, determinación das Condicións de Traballo e Participación do Persoal ó servizo das Administracións Públicas (hoxe regulado polo artigo 37 do Estatuto Básico do Empregado Público), pero sempre en relación coas competencias de cada Administración. Polo demáis, a obrigatoriedade da negociación queda excluída cando se trate de decisións administrativas que afecten ás potestades de organización da Administración, sen prexuízo da consulta cando repercutan, directa ou indirectamente, sobre as condicións de traballo dos funcionarios a teor do artigo 34 da Lei 9/1987. Continúa expoñendo o tribunal que elo sen prexuízo de que non cabería negociación en canto a tódolos extremos da relación de postos de traballo, senón unicamente no que poida afectar ás materias de dito artigo 32 da Lei 9/1987 (hoxe art. 37 do EBEP) e ás condicións de traballo dos funcionarios, sempre e cando non estiveran integradas no compoñente estatutario unilateralmente prefixado con carácter vinculante como por exemplo o incremento retributivo anual fixado na Lei de Presupostos Xerais do Estado, como así se desprende do propio precepto. Así mesmo, cando o Concello se limita a aprobar os presupostos municipais pero deixa incólumes as condicións de traballo, queda cuberta por aquela potestade discrecional e non é necesaria a previa convocatoria da Mesa de Negociación.

Seguindo coa fundamentación xurídica recollida nas sentencias do TSXG citadas, a xurisprudencia do Tribunal Supremo é restritiva en esta materia de negociación colectiva dos funcionarios, partindo das características de pomenorización, rixidez e uniformidade inherentes ó réxime estatutario emanado da lexislación básica do Estado e, no seu caso, dos órganos legislativos das Comunidades Autónomas como poñen de manifesto as sentencias de 22 de outubro de 1993, 5 de maio de 1994, 16 de xuño, 7 de novembro e 4 de decembro de 1995, 18 de novembro de 1996, e 10 de febreiro, 30 de xuño, 21 de novembro, 5 e 22 de decembro de 1997, 25 de xuño de 1999, 27 de setembro de 2000 e 2 de marzo de 2004.

No suposto da reclamación formulada pola Confederación Intersindical Galega contra o acordo de aprobación inicial do Presuposto Xeral do Concello de Lalín para o 2014 e Relación de Postos de traballo para o citado exercicio, o citado sindicato, alude ó incumprimento da mandato legal de negociación previa do Capítulo I do orzamento, xa que a citada organización sindical non foi convocada á Mesa de Negociación.

Non obstante, a Mesa de Negociación a que se refire o Estatuto Básico do Empregado

Público nos seus artigos 34 e 37 si foi convocada por este Concello, celebrándose reunións cos representantes de persoal do Concello de Lalín e e cos representantes das organizacións sindicais máis representativas os días 15 de novembro e 22 de novembro de 2013, respectivamente. Para a celebración da reunión celebrada o día 22 de novembro de 2013 convocouse ás organizacións sindicais máis representativas que non tiñan representacións entre os representantes de persoal do Concello, remitindo a convocatoria á Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-F) e ó sindicato Unión Xeral de Traballadores (UXT), se ben por un erro material non se convocou ó sindicato asinante da reclamación.

De feito, coa aprobación inicial do Presuposto Xeral do Concello de Lalín para o exercicio 2014, seguíronse os trámites legais fixados na lexislación vixente, xa que as materias de persoal foron tratadas nas mesas de negociación celebradas, non obstante co erro de non ter convocado a unha das organizacións interesadas. Por outra banda indicar que, entrando no fondo do recurso, a principal causa que o motiva é a amortización de prazas. Sobre esta cuestión indicar que na proposta da aprobación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo para o orzamento 2014 propónse a amortización de tres prazas de funcionarios (unha de policía C1, dúas de administrativo C1), e dúas de laborais (unha de axente de emprego e desenvolvemento local A1 e unha de técnico de emprego). Pola contra propónse a creación dunha praza de Técnico medio de Admón Xeral A2, un C1 Administrativo e dous auxiliares administrativos. Polo que se amortizan unhas prazas para dar lugar a creación de outras o que forma parte das facultades organizativas da Administración e que non afecta ás condicións de traballo, quedando cuberta pola potestade discrecional, non sendo necesaria a previa convocatoria da Mesa de Negociación por este motivo. (Sentenzas do Tribunal Supremo de 22 de outubro de 1993, 5 de maio de 1994, 16 de xuño, 7 de novembro e 4 de decembro de 1995, 18 de novembro de 1996, e 10 de febreiro, 30 de xuño, 21 de novembro, 5 e 22 de decembro de 1997, 25 de xuño de 1999, 27 de setembro de 2000 e 2 de marzo de 2004, e Sentenzas do TSXG de 24 de xaneiro de 2007, de 12 de decembro de 2007 e de 16 de xaneiro de 2008).

En todo caso e non obstante entender que se cumpriu o citado trámite, segundo o establecido no **artigo 170.2 do RD Lexislativo 2/2004 , de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais**, *“Únicamente podrán entablarse reclamaciones contra el presupuesto: a) Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley...”*

En **conclusión** e ao abeiro dos fundamentos xurídicos expostos, a funcionaria que suscribe entende que procede desestimar a reclamación formulada por D<sup>a</sup> Bernardina Porral Mosquera, actuando en representación da Confederación Intersindical Galega, CIG-Administración Pública de Pontevedra e aprobar definitivamente o Presuposto Xeral municipal para o exercicio económico de 2014, así coma o cadro de persoal funcionario, a relación de postos de traballo e o cadro de persoal laboral do concello para o citado exercicio, xa o Concello de Lalín se axustou na elaboración e aprobación do mesmo ós trámites legais aplicables.”

En base ao anteriormente exposto o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Desestimar a reclamación formulada pola Confederación Intersindical Galega, CIG-Administración Pública de Pontevedra contra a aprobación inicial, polo Pleno do Concello, do Presuposto Xeral do Concello de Lalín para o exercicio 2014, do cadro de persoal funcionario, da relación de postos de traballo e cadro de persoal laboral do concello para o citado exercicio, en base á motivación exposta no Informe de intervención emitido ao respecto, de data 19 de decembro de 2013.

**Segundo.-** Aprobar definitivamente o Presuposto Xeral do Concello de Lalín para o

exercicio 2014, o cadro de persoal funcionario, a relación de postos de traballo e o cadro de persoal laboral do concello para o citado exercicio nos mesmos términos en que foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación.

#### **4.- DERROGACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL.**

A Presidencia deu conta deste expediente e da memoria-proposta da Alcaldía, de data 10 de decembro de 2013. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 23 de decembro de 2013.

Polo grupo de goberno, o edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez**, indicou que houbo un recurso contencioso-administrativo da empresa Vodafone contra a ordenanza municipal que gravaba estas instalacións. Prosperou o mesmo, e houbo unha sentenza aquí en Galicia e posteriormente outra do Tribunal Europeo que anulou a dita ordenanza. Procedía polo tanto derrogala e cumprir a sentenza, porque xa non ten obxecto. Por isto viña a sesión. Tamén indicou que se traballaba para elaborar unha nova ordenanza.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** manifestou que o acordo era un trámite necesario, pero amosouse disposto a estudar de novo o tema, e pediu que se elaborase unha nova ordenanza para gravar a estas sociedades que teñen moito negocio e empregan instalacións e bens públicos.

Desde o grupo do BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén salientou estar disposto a votar a favor da derrogación, aínda que non estaba de acordo coa mesma. Coidaba que a sentenza do tribunal europeo había que cumprila, pero pediu que se estudara gravar a estas entidades polos servizos que dan e o que cobran, dun xeito directo ou indirecto.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** indicou que había que estudar o tema dun xeito viable e legal e buscar a forma para aprobar unha nova taxa, e sacala adiante. Apoiaría a proposta.

De novo **D. Manuel Gómez Estévez** indicou que contaba con estudar e aprobar outra ordenanza, aínda que non estaba claro a forma que se empregaría. Daquela, foise adiante coa ordenanza que logo se anulou; agora había que esperar a que o panorama se clarificase.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** reiterou o xa dito e pediu dilixencia ao equipo de goberno para estudar a nova ordenanza, circunstancia que xa debeu prever no seu día.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes co voto favorable de dezanove (19) concelleiros, sendo trece (13) do PP, tres (3) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD e **APROBOUSE a proposta da Alcaldía, do seguinte tenor:**

Por acordo do Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o día 19 de decembro de 2008, aprobouse definitivamente a **Ordenanza reguladora da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil (BOP do 26/12/2008)**, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2009.

Non obstante a súa entrada en vigor, pola aplicación do principio de prudencia, a citada ordenanza non chegou a aplicarse en espera do que resolveran os tribunais de xustiza, xa que a mesma foi obxecto de recurso contencioso-administrativo polas empresas VODAFONE ESPAÑA, S.A., TELEFÓNICA MÓVILES, S.A. e FRANCE TELECOM ESPAÑA, S.L.

No recurso contencioso-administrativo formulado por VODAFONE ESPAÑA S.A. impugnando a Ordenanza reguladora desta taxa, a *Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia* pronunciou a *Sentenza do 28 de outubro de 2008* que acolleu parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto anulando o artigo 5 da ordenanza por contrario a dereito.

Contra esta sentenza, o Concello de Lalín formulou recurso de casación ante a *Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo*, recurso que nun primeiro momento foi admitido a trámite mediante *Auto do 3 de novembro de 2011 da Sala Terceira, Sección Primeira, do Tribunal Supremo*, se ben posteriormente a mesma Sala ditou un novo *Auto, de data 12 de setembro de 2013* polo que rectificou a parte dispositiva do anterior e declarou a inadmisión do recurso de casación interposto polo Concello de Lalín por cuestións formais.

Así mesmo, a empresa FRANCE TELECOM ESPAÑA, S.A. interpuxo recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia impugnando a Ordenanza reguladora da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do Dominio Público Local polas empresas explotadoras de servizos de Telefonía Móbil; no citado recurso, a *Sección 4ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia* pronunciou a *Sentenza do 21 de outubro de 2010*, a cal acolle parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por France Telecom España S.A, anulando o artigo 5 da Ordenanza municipal por contrario a dereito.

Contra esta Sentenza, tanto France Telecom coma o Concello de Lalín interpuxeron recurso de casación ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo. Naquel momento, tratábase dunha cuestión sen resolver polo Tribunal Supremo e sobre a cal as sentenzas ditadas polos Tribunais Superiores de Xustiza eran contraditorias. Así, aínda que existían sentenzas que se pronunciaron no sentido de declarar contrarias a dereito ordenanzas nas que a fórmula de cálculo da taxa era similar á do Concello de Lalín, non obstante se tiñan ditado recentes sentenzas da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña que desestimaban os recursos interpostos polas compañías de telefonía e ratificaban a legalidade das ordenanzas impugnadas que utilizaban fórmulas de cálculo semellantes á deste Concello.

No citado recurso de casación, a *Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo* ditou *Sentenza do 24 de maio de 2013* na que fallou:

*Primeiro:* non haber lugar ó recurso de casación interposto polo Concello de Lalín.

*Segundo:* estimar o recurso de casación interposto por France Telecom España, S.A. contra a Sentenza ditada, con data 21 de outubro de 2010, pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que se casa e anula, salvo no relativo ó seu pronunciamento estimatorio referido ó artigo 5 da Ordenanza fiscal do Concello de Lalín

*Terceiro:* estimar en parte o Recurso contencioso-administrativo interposto por France Telecom España, S.A. declarando a nulidade do último inciso (“con independencia de quen sexa o titular daquelas”) do apartado 2 do artigo 2 e o artigo 3 da Ordenanza recorrida, en canto atribúe a condición de suxeito pasivo da taxa regulada ás empresas ou entidades que non sexan titulares das redes a través das cales se efectúen os subministros, aínda que sexan titulares de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

A solución á que se chega é consecuencia inmediata da *sentencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 12 de xullo de 2012*, pola que se resolveron as cuestións prexudiciais suscitadas polo Tribunal Supremo no recurso de casación número 4307/2009, se ben referidas a unha ordenanza fiscal do Concello de Santa Amalia (Badajoz). Nesta Sentencia, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea resolveu as dúbidas que lle plantexou o Tribunal Supremo acerca da competencia dos Estados membros para impoñer un canon por dereitos de instalación de recursos non só ó operador que é titular da rede de telecomunicacións electrónicas, senón tamén ós operadores que unicamente reciben servizos de interconexión e que, en consecuencia, se limitan a acceder á dita rede e utilízala; sobre esta cuestión, a Sentencia do TXUE declarou que: “1) O artigo 13 da Directiva 2002/20/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de marzo de 2002, relativa á autorización de redes e servizos de comunicacións electrónicas (Directiva autorización), debe interpretarse no sentido de que se opón á aplicación dun canon por dereitos de instalación de recursos nunha propiedade pública ou privada, ou por enriba ou por debaixo da mesma, ós operadores que, sen ser propietarios de ditos recursos, os utilizan para prestar servizos de telefonía móbil. 2) O artigo 13 da Directiva 2002/20 ten efecto directo, de sorte que confire ós particulares o dereito a invocalo directamente ante os órganos xurisdiccionais nacionais para opoñerse á aplicación dunha resolución dos poderes públicos incompatible con dito artigo.”

En virtude do resolto polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea nos termos expresados, o *Tribunal Supremo* na súa *Sentenza do 24 de maio de 2013*, pola que se declarou a nulidade do último inciso do apartado 2 do artigo 2 e dos artigos 3 e 5 da ordenanza do Concello de Lalín, dispón que a solución á que se chega é “consecuencia inmediata da *sentencia de TXUE de 12 de xullo de 2012* que obrigará ós tribunais españois a corrixir a súa doutrina e incluso ó lexislador a modificar o *TRLHL* para excluír expresamente ós operadores de telefonía móbil non só do réxime especial de cuantificación da taxa, senón tamén da obriga de pagar a taxa cuestionada cando, non sendo titulares de redes, o sexan de dereitos de uso, acceso e interconexión a estas. Desta forma, os operadores de telefonía móbil non terán que abonar taxas municipais polo uso do dominio público municipal se se limitan a utilizar as instalacións de terceiros. A normativa sectorial debe prevalecer sobre a *Lei de Facendas Locais*. Obviamente deberá modificarse tamén a regulación das ordenanzas municipais para axustarse ós parámetros da *Directiva autorización e ó conxunto de Directivas do sector ditadas no ano 2002*.”

Pola súa parte, tamén o empresa Telefónica Móviles S.A. interpuxo recurso contencioso-administrativo ante o *Tribunal Superior de Xustiza de Galicia* impugnando a Ordenanza reguladora da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do Dominio Público Local polas empresas explotadoras de servizos de Telefonía Móbil, que foi resolto polo citado Tribunal mediante *Sentenza do 10 de decembro de 2012* na que, acollendo parcialmente o recurso interposto, anula os artigos 2, 3 e 5 da Ordenanza por contrarios a dereito; o fundamento xurídico no que se basea a citada sentenza é a doutrina establecida polo Tribunal Supremo tralo resultado da cuestión prexudicial suscitada ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (*Sentencia do 12/07/2012*).

Tendo en conta os antecedentes expostos, á vista de que a anulación dos artigos da Ordenanza en cuestión constitúen o núcleo esencial para a determinación do importe das taxas a abonar polos suxeitos pasivos, o **Pleno da corporación ACORDOU:**

**Primeiro.**- A supresión da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do Dominio Público Local polas empresas explotadoras de servizos de Telefonía Móbil e a derogación da Ordenanza fiscal reguladora do citado tributo.

**Segundo.**- Expoñer ao público o presente acordo, a efectos de reclamacións, no taboleiro

de anuncios do Concello, durante trinta días hábiles como mínimo, debendo publicarse o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Finalizado o período de exposición pública, procederáse á adopción dos acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando definitivamente a derogación da Ordenanza. Se non se presentan reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario. Os acordos definitivos, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

## **5.- DECLARACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN COMO LOCALIDADE SOLIDARIA CO ALZHEIMER.**

Deuse conta pola *Presidencia* desta proposta presentada pola Sra. Concelleira Delegada de Benestar e Emigración, de data 10 de decembro de 2013. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 23 de decembro de 2013.

Polo grupo de goberno do PP, **D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey** sinalou que a intención era que Lalín e a súa comarca fixesen esta declaración, ao igual que sucedía coas sete grandes cidades galegas. Esta enfermidade podería afectar a máis de mil novecentas persoas da comarca. Por iso se traía a sesión.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** expuxo que a proposta parecía *un brindis ó sol*, porque non representaba compromiso municipal de gasto. Por isto o seu grupo propuña a modo de emenda un punto 5º á moción co seguinte texto:

*“Solicitar á Xunta de Galicia a elaboración e a aprobación dun Plan Autonómico que recolla a protección social e axudas económicas a este colectivo”.*

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** manifestou que lle parecía ben a elaboración desta proposta polo grupo de goberno, se ben había moitas máis enfermidades con moita incidencia, e nas que tamén faltaba unha declaración similar a esta. Do mesmo xeito, afirmou que a proposta adoeceía de dotación económica. *“Por pequena que fose había que prever algo, xa que parecía que a solidariedade chegaba só a unha mera declaración do Concello”*, sinalou.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** indicou que a declaración era un bo exemplo para Lalín. Con esta iniciativa se puña en marcha algo que en aras da solidariedade había que trasladar a outros organismos, sen esquecer outras necesidades. A idea era aplaudible.

*De novo D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey* reiterou o xa dito, afirmando que esta enfermidade afectaba a moita xente. Dalgún xeito este empeño municipal de solidarizarse con este colectivo era importante. *“Ogallá se puidera atender a outros colectivos con outras enfermidades”*, afirmou.

Sometida a votación ordinaria a proposta do grupo de goberno e a emenda do grupo socialista, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes co voto favorable de dezanove (19) concelleiros, sendo trece (13) *do PP*, tres (3) *do PSdeG-PSOE*, dous (2) *do BNG* e un (1) *do PGD*, **ACORDOUSE aprobar o seguinte:**

Conscientes de que as demencias teñen unha prevalencia estimada de 96.000 casos en Galicia, das que o 65% son debidas ao Alzheimer e a grande afectación que esta enfermidade produce aos doentes e ás súas familias, e que debido ao aumento da esperanza de vida da poboación, nos próximos vinte anos esta cifra verá duplicada a súa incidencia, sendo este un problema especialmente grave en Galicia polo especial avellentamento e dispersión da poboación.

Conscientes de que o Alzheimer é un problema socio-sanitario debido á inexistencia de tratamentos efectivos e posibilidades de prevención.

Conscientes de que a abordaxe desta enfermidade, que ten un custo anual medio de máis de 30.000 €, recae principalmente nas familias e que a dotación de recursos socio-sanitarios específicos para afrontar as necesidades das persoas enfermas e das súas familias é escasa.

Conscientes de que, a pesar das diferentes recomendacións formuladas dende o Parlamento Europeo, a Comisión Europea e máis recentemente dende a Organización Mundial da Saúde, en Galicia non existe un plan autonómico especificamente dirixido a paliar os efectos desta enfermidade.

Sabedores/as de que a poboación da nosa localidade está a envellecer e que iso leva consigo importantes riscos á hora de adquirir ou padecer unha demencia (sobre todo tipo de Alzheimer).

Querendo con este xesto institucional facer constar o seu compromiso con este problema de primeira magnitude e servir de exemplo a outros municipios, apoiando a sensibilización e a concienciación da sociedade, institución e cargos públicos sobre este problema socio-sanitario de primeira magnitude.

En base ao anterior:

**Primeiro.- O Concello de Lalín declárase Localidade solidaria co Alzheimer.**

Con esta declaración, Lalín apoia a iniciativa liderada pola *Alianza polo Alzheimer* que reivindica a posta en marcha dunha *Política de Estado de Alzheimer*.

**Segundo.-** Solicitar á Xunta de Galicia a elaboración e a aprobación dun Plan Autonómico que recolla a protección social e as axudas económicas ou doutra clase a este colectivo.

## **6.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE.**

### **6.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA CAMBIAR O SENTIDO DA CIRCULACIÓN EN VARIAS RÚAS DO CASCO URBANO DE LALIN.**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción de data 19 de decembro de 2013, con entrada municipal do día 20 de decembro con nº de rexistro 7863. De seguido o Sr. Secretario deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 23 de decembro de 2013.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** expuxo o contido da moción. O seu grupo propuña algúns cambios na circulación na zona urbana. En total, catro. Delas, tres eran lóxicas e fáciles de acometer, para mellorar a seguridade vial. A cuarta era difícil de facer. Así, entrando no detalle, indicou que no caso da rúa Molinera era correcto o que se pedía de poñer o sinal de stop na rúa Molinera, na confluencia das rúas e Joaquín Loriga e Pintor Laxeiro e Bos Aires, para que a prioridade fose para os vehículos da rúa Joaquín Loriga, con sinais de

prohibidas; a segunda medida proposta, na rúa D, de poñer dirección única era necesaria, porque na curva había contedores de lixo, se aparcaban coches e con elo se dificultaba a circulación; a terceira en Wenceslao Calvo Garra, resultaba máis difícil: instalar a dobre dirección; en canto á cuarta cambiar o sentido da rúa para que a xente que veña a Lalín entre pola rúa de Monte Faro ata o centro, víana necesaria. Ata agora a citada rúa empregábase para saír de Lalín.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** estaba de acordo co que se propuña, basicamente porque non había un plan de tráfico en Lalín, e porque para aparcar había serias dificultades.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** estaba de acordo en que había que cambiar cousas na circulación, e eliminar os inconvenientes. Non obstante dixo que a proposta era incompleta, e avogaba porque se presentase un plan de tráfico para regular a circulación. Algo era menos que nada, pero había que replantexar a situación de Lalín no eido do tráfico.

Polo grupo popular, **D. Román Rodríguez González** agradeceu que se presentase esta moción, porque era boa. Xeralmente se traían mocións de partido para abordar temas xerais, pero esta se refería a algo concreto que afectaba aos veciños de Lalín dun xeito directo.

Sobre o fondo dixo que non estaba de acordo, porque non era certo o que se dixo. En Lalín había un plan de tráfico que se aplicaba, e a circulación era fluída, todo elo sen perder de vista a realidade particular do tráfico en puntos concretos.

Sobre as cuestións plantexadas, salientou que **D. Camilo González Bodaño** afirmou na sesión da comisión informativa que algunhas rúas empeoraron no eido do tráfico, que outras estaban pendentes de solución e tamén nalgunhas se consensuou a solución cos veciños. Non ían cambiar a regulación sen necesidade, e non ían causar prexuízos no tráfico, senón que tentarían mellorar o que había.

De novo, **D. Manuel María González Aller** reafirmouse no xa dito: en Lalín non había un Plan de Tráfico. Había algunhas normas en materia de aparcamentos, pero noutros eidos non existían. Isto sucedía por exemplo co tema da carga e descarga. Calquera persoa que veña a Lalín para descargar mercancía non tiña nin idea do horario que había para elo, se o tempo para elo era ás oito, ás tres ou ás sete da tarde. Por elo cumpría aprobar uns horarios, marcar os tempos, e logo controlalos para que a xente saiba a que aterse. Logo había sitios como a Praza da Igrexa e a praza de abastos que precisaban dunha regulación específica. Por exemplo, os camións de trinta toneladas para enriba había que prohibilos subir pola rúa Molinera. Era difícil aplicar o dobre sentido de circulación na rúa Wenceslao Calvo Garra e Joaquín Loriga porque eran unhas rúas estreitas, e había aparcamentos na zona que dificultaban a medida. De todos os xeitos, os atascos habería que solucionarlos.

**D. Camilo González Bodaño** afirmou que non podía aplicarse o dobre sentido á rúa Wenceslao Calvo Garra porque na rúa Principal se aparcaba, e este era o principal motivo para rexeitar o que se pedía. Na rúa D había un supermercado e elo impedía aplicar tamén o que se propuña, porque xeraría máis problemas.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo estar sorprendido pola oposición do goberno municipal a estas medidas, xa que non se trataba de “modificar a Constitución”. Indicou que había que tratar de establecer uns criterios desde o goberno municipal, e logo consensualos cos veciños, preguntándolles a eles o que pensaban.

Vía **D. Camilo Conde López** algúns dos cambios propostos positivos; outros, en cambio, non. Dixo que el tamén plantexou no seu día algunha cuestión mediante un rogo. Estaba a favor de remodelar o plan que existía sobre a circulación de Lalín e cambiar as dúas últimas medidas

propostas no seu día.

Polo grupo popular, **D. Román Rodríguez González** reiterou que existía un plan de tráfico en Lalín. Non entendía as críticas da oposición á situación actual da circulación porque algunhas das medidas foron consensuadas cos veciños e noutras se falou con eles. O resultado era o estado actual. Todo era cuestionable e mellorable, coma todo na vida. Por exemplo referiuse á Rolda Leste e ao tráfico que se regulou daquela e se ven aplicando nos últimos anos.

*Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:*

*-Cambiar a prioridade no cruce da rúa Principal e Molinera, dando preferencia aos que circulen pola rúa Principal.*

*-Facer de sentido único o tramo da rúa D entre os cruces con Pintor Colmeiro e Alcalde Ferreiro.*

*-Estudar a posibilidade de dotar de dobre sentido a rúa Wenceslao Calvo Garra.*

*-Cambiar o sentido á rúa Monte Faro de forma que facilite a entrada ó centro do pobo.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: seis (6), sendo tres (3) votos dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.*

*Votos en contra: trece (13) do PP.*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

## **6.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES EN RELACIÓN AO PROCESO DE SELECCIÓN DO XERENTE DO LALÍN ARENA.**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción de data 23 de decembro de 2013, con entrada municipal o mesmo día con nº de rexistro 7902. De seguido o Sr. Secretario deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 23 de decembro de 2013.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** expuxo o contido da moción. Indicou que este proceso de selección era recente. Indicou que nestes procesos participaron moitas persoas, e sacou á luz as apostas que se fixeron a favor dun dos candidatos. Elo denotaba que non houbo transparencia ningunha en todo o procedemento seguido. Non se trataba de mentiras, mesmo había testigos en relación coas aspiracións dunha persoa concreta. Só faltaba a entrevista. Persoas en xeral, clientes e opositores dubidaban da limpeza deste proceso. Por isto había que deixar as cousas claras. Na parte dos méritos valorábanse os traballos sen titulación de igual xeito que á xente que tivese titulación ou experiencia. As titulacións tamén eran vagas, algo que era cousa habitual nesta casa. Indicar que as persoas que estaban nos tribunais entraron do mesmo xeito. En conxunto, este proceso tivo repercusións negativas para moitas persoas e tamén fora desta casa (Concello).

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que neste proceso houbo denuncias porque había xente que antes contaba, pero que ao final non foron seleccionadas. Isto estaba así desde o inicio. Era necesario evitar isto e realizar un procedemento máis obxectivo, primando como criterio o trato a todos por igual, e non facer “*traxes a medida*” dunha persoa. A xente que

participou afirmaba que non estaban todo en igualdade de condicións. O seu grupo estaba en desacordo co sistema empregado para a selección da xente, xa que o concelleiro delegado dirixiu todo sen ser membro do tribunal.

Había que evitar que se falase do que ía suceder, por exemplo nos bares, e das posibilidades que tiña un candidato fronte a outros. Para facer isto había que introducir nas bases criterios obxectivos e a entrevista realizala dun xeito claro e limpo e non facela “*a porta pechada*”. Agora a persoa que aprobou era unha experta. Estaba a favor da moción e da comparecencia.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** dixo non coñecer a fondo o tema. Non obstante había indicios suficientes de irregularidades producidas no mesmo. Para evitar isto había que facer as cousas doutra maneira. Era necesario ter máis transparencia, ser conscientes do que se facía, respectando sempre aos candidatos. Había que realizar o proceso con obxectividade. Estaba a favor da comparecencia.

Polo grupo popular, **D. Román Rodríguez González** afirmou que había dous escritos. Un deles era unha petición singular no que o grupo socialista pedía a suspensión do proceso selectivo, e polo tanto non era unha moción ou un rogo. No segundo escrito pedía a comparecencia do edil delegado na materia.

El como voceiro e diante de todo quería felicitar ao concelleiro Delegado **D. José Antonio Varela** pola labor desenvolvida neste proceso selectivo de persoal, en concreto, o do xerente.

Enterouse deste tema delicado das peticións pola prensa. Falábase de que todos estaban enchufados e de cousas raras no procedemento de selección, e non era así.

Estas críticas supuñan unha falta de respecto á xente, e carecían de fundamento. Había persoas que se contrataron no Concello con cargo a programas de cooperación e tiñan capacidade absoluta para facer o traballo para o que foron seleccionados.

Persoalmente estaba alucinado polo que a oposición dixo na prensa, no sentido de que todo era unha montaxe para elixir aos candidatos que se quería contratar desde o goberno municipal, faltando ao respecto a moitos dos participantes. Por exemplo, no tema das limpadoras, elixíronse ás mesmas persoas que había antes. Os outros dous procesos foron limpos.

Lembrou que non había políticos nos tribunais, sendo todos os seus membros técnicos. En suma o grupo de goberno en todo este proceso de selección do xerente e dos limpadores e monitores fixo todo pensando no mellor para o Lalín Arena e para Lalín. Pero, escoitando o que se dixo, daba a sensación de que a oposición quería que non funcionase o Lalín Arena, sensación que se tiña tamén ao facer esta petición de comparecencia.

De novo, **D. Manuel María González Aller** reiterou de novo o que se pedía na moción. Afirmou que todo o proceso supuñan unha falta de respecto á xente que participou no mesmo, xa que algúns viñeron de lonxe, e perdendo cartos. Recordou que a entrevista non foi pública, e realizouse sen testigos.

Houbo irregularidades no proceso e foi unha falta de respecto e unha ausencia de igualdade de oportunidades. Pediu que polo menos non se fixese perder tempo á xente e gastar os cartos.

Indicou que, tras este proceso, a xente que participou estaba moi desencantada, polas formas de facer as cousas, sen transparencia e sen igualdade de oportunidades. Por todo isto, coidaba que estaba de sobra xustificada a moción e por elo pediu a comparecencia de novo do dito edil.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** ratificouse no xa dito.

De novo, **D. Camilo Conde López** dixo que a comparecencia ía clarificar as cousas.

Polo grupo popular, **D. Román Rodríguez González** finalizou o debate afirmando que nestes procesos selectivos houbo unha total transparencia, que se presentou ás ditas probas quen quixo, que as limpadoras seleccionadas eran as que xa estaban a traballar coa empresa concesionaria, e que tanto o proceso de selección do xerente coma o dos monitores foi limpo e

transparente.

*Na moción pedíase a comparecencia do concelleiro delegado de deportes para dar explicacións en relación ao proceso de selección dun xerente para o Lalín Arena e responder a todas as preguntas que, relacionadas con este tema, se lle formulen.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: seis (6), sendo tres (3) votos dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.*

*Votos en contra: trece (13) do PP.*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

## **7.- MOCIÓNS DO BNG.-**

### **7.1.- MOCIÓN DO BNG EN RELACIÓN Á AUTOESTRADA AP-53.**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 19 de decembro de 2013, con entrada municipal do mesmo día e núm. de rexistro 7810. De seguido o Sr. Secretario deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 23 de decembro de 2013.

Na defensa da moción **D. Xesús Cordeiro Budiño**, do BNG, explicou o sentido da moción. Indicou que nos últimos dez anos a suba da peaxe na AP-53, Lalín-Santiago, foi dun 70 %. Agora en xaneiro do ano 2014 subiría preto do 2,3 %. Esta autoestrada era utilizada pola xente de Lalín que acudía a Santiago por diversos motivos, nalgúns casos eran urxentes coma ir ao hospital ou por motivos funerarios ou de urxencia. O prezo que se aplicaba era abusivo e pagábano os veciños.

Lembrou que era preciso realizar campañas de concienciación, concentracións como se fixeron antes, que mesmo impulsou o PP e agora había que seguir con elas. A solución era eliminar estas peaxes.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** adiantou o apoio á moción. Indicou que hai tempo acordouse solicitar o traspaso desta autoestrada AP-53 á Xunta de Galicia polo Ministerio de Fomento, para así poder actuar na mesma libre de cargas. Daquela o PP rexeitouna.

Lembrou que hai anos o PP pedía o mesmo e era esta moción a que se debatía a instancia do dito grupo. Esperaba que agora a apoiasen.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López**, indicou que os fins que perseguía a moción eran bos para Lalín. Por isto apoiaría.

Polo grupo popular, **D. Román Rodríguez González** indicou que había que ver ben o tema. O PSOE agora apoiaba isto, pero antes abandonou a comisión creada para reivindicalo. Lembrou que os Gobernos Centrais anteriores dos anos 2003-2005, do *Sr. Rodríguez Zapatero*, puideron deixar libre de peaxes esta autopista, e non o fixeron. Agora nestas circunstancias de crise económica resultaba imposible a eliminación das peaxes e mesmo a súa redución.

Por alusións **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** indicou que si que o fixeron, a proba foi que a autoestrada AP-53 no tramo Alto de Santo Domingo-Ourense está libre de peaxe desde aquela.

Seguiu a falar **D. Román Rodríguez González** indicando que agora resultaba máis difícil eliminar ou reducir a peaxe, porque había un custo para a empresa. De todos os xeitos estaba a favor e quería deixar claro que o seu grupo reclamaba ao Ministerio de Fomento e apoiaba a cesión da AP-53 á Xunta de Galicia.

Estaban a favor do punto primeiro da moción; no segundo estaban dispostos a transacionar; finalmente os puntos 3 e 4 rexeitábanos.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** ratificouse no xa dito. Indicou que en vez de quitar o tráfico, o que sucedeu foi que a N-525 aumentou o tráfico. Por elo había que mellorar o seu estado desde Lalín a Ponte Ulla e pediu que se realizasen xestións nesta dirección. Non aceptaba a proposta do voceiro popular, e non retiraría os puntos 3 e 4 da moción. Finalmente pediu que, xa que antes se fixeron, se realizasen concentracións impulsadas polo Concello para reivindicar a supresión ou a rebaixa das peaxes.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** afirmou que estaban de acordo coa moción. Indicou que se ben aquí en Lalín e Galicia se pedía o traspaso da titularidade da AP-53, do Ministerio de Fomento á Xunta de Galicia, en Madrid dicían que non se facía. Lembrou que houbo preguntas no Congreso dos Deputados sobre isto. O Ministerio de Fomento non cedía en nada.

Finalmente **D. Camilo Conde López** afirmou que apoiaba a moción polo xa dito.

*Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:*

*1.- Demandar ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia que acorden o traspaso das competencias da AP-53.*

*2.- Instar ao Ministerio de Fomento, unha vez máis, a asumir o custo económico para a supresión da peaxe AP-53.*

*3.- Demandar do Ministerio de Fomento a execución das obras anunciadas pendentes na N-525, desde Lalín ata Ponte-Ulla.*

*4.- Que o Concello de Lalín convoque aos veciños a unha concentración para demandar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia o cumprimento dos puntos anteriores expostos.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: seis (6), sendo tres (3) votos dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.*

*Votos en contra: trece (13) do PP.*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

## **7.2.- MOCIÓN DO BNG PARA GARANTIR O SUBMINISTRO ELÉCTRICO ÁS PERSOAS SEN RECURSOS.-**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 16 de decembro de 2013, con entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro 7727. De seguido Sr. Secretario deu lectura do

ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 23 de decembro de 2013.

Na defensa da moción **D. Xesús Cordeiro Budiño**, do **BNG**, explicou que o que se buscaba era non cargar máis gastos ás familias necesitadas. Lembrou que se calculaba que en Galicia había máis de seiscientos mil pobres; deles cento vinte mil en estado de pobreza severa, e tamén de pobreza enerxética, porque non podían utilizar a calefacción nin a luz eléctrica. Pasaban polo tanto privacións, frío e ansiedade. Agora nestas festas pedíase que non se aplicase esta tarifa a este colectivo e que se busquen fórmulas para evitar isto.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** dixo estar de acordo coa moción, pero coidaba que o punto dous da mesma sobra. Indicou que xa era tarde para moitas persoas. Lembrou os continuos cambios do actual Goberno Central neste eido, dicindo que non ía subir a tarifa eléctrica, logo que si, e finalmente houbo suba, pero en vez do 12 %, o 2,3 %. Había moita xente afectada e necesitada de axuda. Por elo apoiaría a moción.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López**, dixo que a moción respondía ao sentir popular contrario a esta suba da electricidade. A realidade social era difícil de atender. Pero había que buscar fórmulas para paliar e facer efectiva dalgún xeito a solidariedade con estes colectivos e estas persoas.

Polo grupo popular, **D. Román Rodríguez González** comezou afirmando que a moción era de partido, non era propia do grupo municipal. Había que recoñecer que a situación era complicada neste eido da luz, pero para todos. A luz sempre subiu e seguía subindo. Había un déficit brutal coas compañías eléctricas de máis de vinteseis mil millóns de euros, e o Sr. Ministerio de Enerxía Sr. *Soria*, anunciou que habería unha reforma eléctrica. Agora subiu un 2,3 %.

A situación era límite.  
Como emenda propuxo aprobar a seguinte:

*Emenda PP:*

*“Instar ao goberno a adopción de medidas que garantan o subministro eléctrico ao menor custo posible, á regulación da figura do consumidor vulnerable e ao reforzamento das medidas de protección para os colectivos máis vulnerables”.*

Rematou afirmando que xa no goberno de *D. J.L. Ródriguez Zapatero* subiu e moito a luz, sobre un 63 %, moito máis que co goberno do *Sr. J.M. Aznar*.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** pediu ao voceiro popular que había que pedir unha tarifa eléctrica galega, porque Galicia exporta electricidade a outras zonas. Non estabamos en Murcia ou Cuenca. Galicia é unha comunidade autónoma excedentaria en produción de electricidade. En canto ao déficit da tarifa eléctrica aludida polo voceiro popular, indicou que non cría nada dela. Isto podía valer para as grandes cidades como Madrid, Barcelona, e outras. Non para Galicia. Dixo non aceptar a emenda transaccional do grupo popular.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** ratificouse no xa dito e apoiaría a moción.

Finalmente **D. Camilo Conde López** reiterou o xa dito, e tamén votaría a favor da moción.

*Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:*

*1.- Realizar as modificacións legislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adoptar as medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.*

2.- Demandar do Goberno do Estado español que non incremente o recibo da luz para o 2014.

3.- Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galicia como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

Votos a favor: seis (6), sendo tres (3) votos dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

### **7.3.-MOCIÓN DO BNG CONTRA A SUBA DO CANON DE SOGAMA.-**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 12 de decembro de 2013, con entrada municipal o día 13 de decembro e nº de rexistro 7696. De seguido o Sr. Secretario deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 23 de decembro de 2013.

Na defensa da moción **D. Xesús Cordeiro Budiño, do BNG**, explicou que na anterior sesión plenaria o Sr. Alcalde se comprometeu a ter unha xuntanza de voceiros para tratar este asunto. Isto non se produciu, e o BNG volvía de novo a presentar a moción.

En canto aos motivos, consideraban inadmisíbel unha suba do 34 % nas tarifas de SOGAMA. Aludiu á oposición na FEGAMP. Escoitou as declaracións do conselleiro *Sr. Agustín Hernández* sobre este tema, que chamou a atención ao Alcalde Lalín polo mesmo.

Desde logo estaban en contra dunha suba unilateral. Lembrou que había unha campaña en contra apoiada por moitos Alcaldes. Visto o que pasaba, parece que había que buscar outro sistema de facer desaparecer o lixo. O Plan de SOGAMA demostrouse que non era viable. Segundo o mesmo estaba prevista a instalación nas comarcas de plantas de reciclaxe. Estas instalacións axudarían a SOGAMA a tratar o lixo; pero non se fixo nada. Neste tema coidaba que había neste eido unha actitude de hipocresía do PP.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** amosouse disposto a apoiar a moción, se ben quería saber se o goberno municipal ía ou non en serio coa súa oposición á suba anunciada, tal e como dixo no seu día o Sr. Alcalde, pedíndolle a súa colaboración. A postura do seu grupo estaba clara: eles avogaban por reciclar, compostar, reutilizar, e o resto que quedase, incineralo. Desde logo co sistema actual o Concello non era libre de marcharse, porque non había outro sistema. A suba do 34 % era abusiva a todas luces. Lembrou que unha parte importante do lixo se incinera, e a outra se enterra. En suma non se trata todo o lixo e non vai a outras plantas. Ao mesmo tempo criticou a postura do PP, xa que non permitía que houberse ningún outro sistema alternativo a SOGAMA e non daba axudas a outras plantas como era a do Barbanza. Había que dicir non a SOGAMA e buscar outras alternativas.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López**, salientou que había que buscar solucións ao tratamento do lixo, porque o sistema actual non funcionaba correctamente. Había que ver outras alternativas e colaborar entre todas neste fin: buscar solucións ao lixo.

Polo grupo popular, **D. Román Rodríguez González** indicou que a razón desta suba estaba nun problema enerxético do país. Baixaron as primas e había máis custos de produción. Non había vía alternativa. A planta de Lousame non era alternativa, e dependía de SOGAMA: eran complementarias.

Lembrou o acordo na FEGAMP remitido á Xunta de Galicia acordado polos tres partidos. Logo houbo cambios e o PSOE desmarcouse. O Alcalde de O Barco de Valdeorras (Ourense) cambiou de postura, xa que inicialmente quería levar o lixo a outra planta, pero logo deu marcha atrás. Tamén indicou que había administracións que non pagaban as súas cotas en moitos anos. Por exemplo citou ao Concello de Pontevedra que levaba doce anos sen pagar e perdeu os preitos contra SOGAMA.

A capacidade da planta de Lousame de 60.000 tn. estaba xa esgotada.

O modelo que tiñamos era malo e había que melloralo. Antes de SOGAMA existía en Galicia un pequeno desastre industrial e ambiental. Non había solucións máxicas, pero o que era certo era que a solución a pagaríamos todos. A culpa era do PSOE, había unha emenda pactada con ese partido, pero logo este partido rachou o acordo.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que as verbas e a intervención do voceiro e Alcalde accidental, **Sr. Román Rodríguez**, non coincidían co que dixo o Sr. Alcalde deste tema.

Doutra banda non era certo o que se dicía, porque non había igualdade nin liberdade para levar o lixo, xa que non había outras solucións, en parte porque a Xunta de Galicia non daba axudas nin potenciaba alternativas. Non se daban facilidades e optou por este modelo. Había pois unha situación de desigualdade de condicións e a suba do 34 % danaba aos veciños.

O discurso foi monótono, e viña a dicir que había que deixalo igual; coidaba que había que abaratar o recibo do lixo, levando a cabo campañas de divulgación e concienciación para recoller e reciclar; en terceiro lugar, había que dar un apoio expreso para instalar plantas de reciclaxe. Estaban previstas doce en toda Galicia e unha delas no Deza.

Dixo que escoitando ao Alcalde-Accidental, parecía que *“asentía a todo o que se lle di ou que lle mandan”*. Finalmente indicou que en dous, tres ou catro anos o Sr. Alcalde debía definirse e participar nun investimento público que fose unha alternativa seria a SOGAMA.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** ratificouse no xa dito. A suba do 34 %, pretendida por SOGAMA, era un atraco total. A situación era difícil porque non se buscaban outras alternativas, e había crise económica, con poucos recursos nos concellos. Por elo hoxe SOGAMA era imprescindible. Pero o tratamento desta instalación non era do 100%, porque non se recuperaba case nada. Unha parte se queimaba e outra se enterraba. Indicou que en Europa prevese que no ano 2020 se recupere o 20%. Había, pois, que estudar outras solucións. Desde logo a suba do 34% non era de recibo, e había que apostar por realizar actuacións de reciclar, reutilizar, e finalmente incinerar o menos posible.

**D. Camilo Conde López** reiterouse no xa dito. Afirmou que había un problema que subsanar diante desta suba anunciada do 34%, porque subiu o custo de electricidade, e retiráronse as primas ás enerxías renovables. En todo caso había que buscar solucións.

Finalmente **D. Román Rodríguez González** volveu a dicir o xa dito: Que había un problema con SOGAMA.

Lembrou que nos anos noventa, SOGAMA presentouse como a solución diante do desastre ambiental existente. Lembrou que o Concello de Santiago tiña un vertedoiro no río Tambre e A Coruña vertía directamente no mar. O sistema era claramente mellorable.

Ao debate que se producía agora coa suba anunciada había que quitarlle demagoxia.

Doutra banda, rexeitou as verbas do voceiro nacionalista: A súa postura estaba coordinada coas verbas pronunciadas neste órgano polo Sr. Alcalde titular.

Tamén había que dicir que a verdade era que a planta de SOGAMA estaba xa saturada. A oposición e os partidos vertían moitas críticas contra ela, pero non aportaban solucións alternativas. A culpa de seguir con este problema, segundo el, era do PSOE, aludindo ao Plan de Residuos Sólidos tramitado durante os gobernos da oposición, o chamado bipartito, tempo no que non se fixeron outras actuacións, nin se buscaron outras alternativas.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

1.- Retirar dos orzamentos do próximo ano o incremento previsto do canon de SOGAMA que deben satisfacer os concellos.

2.- Que calquera modificación que se pretenda pase obrigatoriamente por un consenso coa FEGAMP e cos concellos implicados, coa participación de SOGAMA e da Consellería con atribucións en medio ambiente.

3.- Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020, eliminando a previsión de construír unha nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo que supere SOGAMA, mediante proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe que posibiliten a creación de emprego e alcanzar os obxectivos e recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados.

Votos a favor: cinco (5), sendo tres (3) votos dos concelleiros do PSdeG-PSOE e dous (2) dos concelleiros do BNG.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: unha (1) do PGD.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

## **8.- MOCIÓNS DO PGD.-**

As mocións foron retiradas na sesión polo voceiro do PGD, **D. Camilo Conde López** quen sinalou que as volvería a presentar para o seu debate na seguinte sesión plenaria.

## **9.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

### **9.1.- ROGOS.**

#### **De xeito verbal durante a sesión:**

#### **PSdeG-PSOE: D. Manuel María González Aller**

1.- **ROGO.-** Tendo en conta o estado de aforro do Concello e as actuacións que consisten en apagar a luz, hoxe a estrada PO-533 que vai a Chantada, desde a Rolda Leste, rotonda ata a rotonda da rúa do Rodo que vai a Carmoega, non hai ningún punto de luz, aínda que hai nalgúns tramos tres carrís de circulación. Tamén había dúas farolas que non alumeaban e había que arranxalas. O estado actual deste tramo é moi perigoso, ao igual que outras rúas enteiras sen luz. Pide que se repoñan e se doten de luz estas zonas.

Respondeu **D. Camilo González Bodaño** indicando que nalgunhas zonas a falta de luz se debía ao roubo de cables de cobre da instalación de alumeado.

O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, **D. Román Rodríguez González** indicou que o goberno municipal xa levou a cabo moitas medidas de aforro nas rúas e nos edificios municipais. Froito delo foi que se conseguiu a conxelación do gasto e a baixada da factura, aforrando con elo importes considerables.

2.- **ROGO.-** Tendo en conta que hai vixente unha Zona Azul en Lalín e que se quere

ampliar a outros lugares do casco urbano, pide que se coloquen máquinas ou parquímetros para residentes, dadas as incomodidades que ofrece o actual sistema, xa que cada pouco tempo hai que renovar os discos. Indica que el mesmo xa leva catro multas enriba en dous meses por iso, por exceder o tempo de estacionamento sen renovar o disco.

*O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, D. Román Rodríguez González di que hai que estudar moitas cousas para mellorar e quedou enterado.*

**PDG: D. Camilo Conde López.**

**De xeito escrito durante a sesión:**

**1.- ROGO.-** Varios pais manifestaron a súa preocupación polo risco que están a pasar os nenos que van a clases de fútbol que se encontran no *Estadio Manuel Cortizo* de Lalín pois, á saída pola razón de que se teñen que atravesar a rúa carecen de paso peonil, carencia que ante un despiste dos nenos poden cruzar co evidente risco que este feito pode supoñer, polo que solicita que:

- Se instale a correspondente sinalización na procura de evitar os riscos indicados, considerando que se corresponde a súa ubicación coa rúa dos Olmos. No caso de non ser competencia deste Concello, instase ó mesmo para que instrumente as autorizacións pertinentes que permitan a súa materialización.

*O Sr. Alcalde-Presidente Accidental D. Román Rodríguez González quedou enterado.*

**De xeito verbal durante a sesión:**

**2.- ROGO.-** Pide que na campaña de empadroamento municipal que aos estranxeiros que estean en trámites se lles trate en igualdade ou con formas axeitadas que permitan a súa integración na comunidade.

*O Sr. Alcalde-Presidente Accidental D. Román Rodríguez González quedou enterado.*

**9.2.- PREGUNTAS.**

**BNG: D. Xesús Cordeiro Budiño.**

**1.- PREGUNTA.-** Quere saber: ¿Cal foi o custo do alumeadado de Nadal que instalou o Concello?. Tamén preguntou: ¿Qué criterios se empregaron para a súa instalación?

*O Sr. Alcalde-Presidente Accidental, D. Román Rodríguez González, indicou que respondería por escrito.*

E, sendo as dezaioito horas e seis minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataben e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace  
O Alcalde-Presidente